


GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

**Programa
Cultural e
Centro de
Empreende-
mento
2016**



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

GAIÁS –CIDADE DA CULTURA



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de coworking, un viveiro de empresas e o espazo de crowdworking ‘Galicia Open Future’.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

Clip : 1933 - 0_08_02_23

Photographer : Abu Sa'ifan

Location : Hebron

Date : 12/01/2008

Description : Settlers continue to throw stones.
Os colonos seguen a jogar pedras.



A photograph of a group of people in a natural setting, possibly a forest or a field, with a large white text overlay. The image is somewhat blurry and has a blueish tint. The text "ACCIÓN CULTURAL 2016" is written in a bold, sans-serif font, with "ACCIÓN" on the first line, "CULTURAL" on the second line, and "2016" on the third line. The text is white and stands out against the darker background of the photograph.

ACCIÓN CULTURAL 2016



Obxectivos

Tal e como se recollen nos obxectivos que se reflicten no Plan Estratéxico 2012-2018, os principais propósitos do programa de ACCIÓN CULTURAL son:

Fomentar a achega das persoas á Cidade da Cultura cunha oferta cultural diversa, de calidade e sostida ao longo do ano.

Converter ao espazo deseñado por Peter Eisenman nun referente no eido cultural.

Favorecer a participación e implicación do tecido cultural galego.

Xunto a este pilar cultural o modelo de desenvolvemento que se pretende para a Cidade da Cultura baséase noutros tres eixos transversais: o emprendemento, a tecnoloxía e a conectividade exterior.

Programación

Para materializar estes obxectivos explicitáanse sete liñas de programación, que se presentan co seu propio contido. Así, temos: exposicións, música & escena, en familia, letras e pensamento, intercambio, didáctica e visitas. Cómpre sinalar que aínda que o público ao que nos diriximos é xeral, temos especial coidado no deseño de actividades dirixidas ao público en idade escolar e ao familiar. Neste sentido, as accións formativas e didácticas están presentes dun xeito moi patente na nosa oferta.



Museo Centro Gaiás

Desde o ano 2012, data que referencia a apertura do Museo Centro Gaiás, este espazo estase a converter no epicentro da actividade cultural. Xunto á organización de exposicións que ocupan os distintos andares do Museo, nomeadamente os tres andares interiores (primeiro, segundo e terceiro andar), este lugar de 6.600 metros cadrados serve asemade para albergar concertos, actividades familiares, sesións de artes escénicas, eventos de entrega de premios, presentacións e conmemoracións de efemérides ou outro tipo de actividades de natureza diversa.

Asemade prográmase noutros espazos da propia Cidade: nos exteriores, acompañando a chegada da época estival ou en lugares máis acaídos dependendo do tipo de actividade, coma por exemplo a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Centro de Innovación Cultural ou as Torres Hejduk.

EXPOS- CIÓNS





JOSÉ SUAREZ. UNS OLLOS VIVOS QUE PENSAN

13 novembro 2015 - 27 marzo 2016

Museo Centro Gaiás

O Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura clausurará o vindeiro 27 de marzo a mostra *José Suárez. Uns ollos vivos que pensan*, a maior exposición realizada ata o momento sobre este fotógrafo de Allariz, considerado un dos grandes nomes da fotografía do século XX.

A mostra, que reuniu desde as súas imaxes máis icónicas ata series nunca antes expostas, pretendeu resituao ao fotógrafo no punto que lle corresponde na historia da fotografía de Galicia e España, así como estender ao gran público o amplo recoñecemento que obtivo en vida por parte de intelectuais como Miguel de Unamuno, Rafael Alberti, Francisco Ayala, Luís Seoane ou Eduardo Blanco Amor.

Comisariada por Xosé Luis Suárez Canal e Manuel Sendón, dous nomes de referencia no estudo e divulgación da fotografía galega, e cun deseño de montaxe a cargo de Alfonso Penela, a mostra contou cun total de 206 fotografías e, a diferenza doutras exposicións realizadas antes, exhibiu tamén 150 obxectos persoais.

José Suárez. Uns ollos vivos que pensan, iniciará no mes de abril a súa itinerancia que a levará ata a Feira do Libro de Bos Aires, Madrid e París.




CON-FÍO EN GALICIA. VESTIR GALICIA, VESTIR O MUNDO.

Do 11 de marzo ao 11 de setembro
Museo Centro Gaiás

A Cidade da Cultura de Galicia convértese nunha pasarela de moda na que amosar o peso do téxtil galego no mundo a través da exposición 'Con-Fío en Galicia', unha homenaxe a un sector que conseguiu situar Galicia nun lugar de referencia no panorama internacional.

Ao longo de 300 pezas, 'Con-Fío en Galicia' ofrece un percorrido por un sector estratéxico, constituído por 300 empresas que dan emprego a unhas 13.000 persoas e que representan o 6,5% da riqueza da comunidade. Uns 100 looks singulares da moda feita en Galicia, reinterpretacións contemporáneas de indumentarias históricas, valiosas coleccións privadas e unha escolma de material fotográfico e audiovisual guían ao visitante polos fitos máis destacados da nosa historia téxtil.

Comisariada polo historiador Miguel Anxo Seixas Seoane e con deseño de montaxe de Pepe Barro en colaboración con Oja Arquitectura, a mostra pon o foco en dous momentos claves do noso téxtil: a eclosión que se viviu nos anos 80 en Galicia coa famosa 'La arruga es bella' de Adolfo Domínguez, as creacións de Roberto Verino, Antonio Pernas ou o grupo 'Galicia Moda' (Gene Cabaleiro, Florentino, Caramelo, María Moreira, María Mariño...); e o fenómeno Inditex, hoxe primeiro grupo téxtil do mundo. Xunto a eles, destacados valores do deseño actual como Sara Coleman, Eva Soto ou José Castro, que visten a iconas como Lady Gaga ou as protagonistas de 'Sexo en Nova York'.



Visitas guiadas

Do 11 de marzo ao 11 de setembro
Museo Centro Gaiás

A exposición *Con-Fío en Galicia* conta cun programa de visitas guiadas no que coñecer a mostra máis polo miúdo grazas aos percorridos deseñados polo persoal do Museo Centro Gaiás. As visitas guiadas terán lugar de martes a venres ás 18:30h da tarde e os sábados e domingos tamén ás 12:30h da mañá.

As visitas guiadas durante Semana Santa e os meses de verán (do 21 de xuño ao 11 de setembro) terán un horario especial, con dúas quendas diarias (de martes a domingo): 12:30 e 18:30 horas.

Visitas didácticas

Do 15 de marzo ao 9 de setembro
Museo Centro Gaiás

Coñecer a Historia de Galicia a través da moda. Esta é a proposta que realiza a Cidade da Cultura a través das Visitas didácticas para escolares, unha combinación de percorrido guiado e actividades lúdicas ao redor da exposición pensada para os diferentes tramos educativos: desde Infantil a Bacharelato.

Visitas nocturnas

Xullo e agosto
Museo Centro Gaiás

A Cidade da Cultura convida os mércores pola noite a descubrir unha nova cara da exposición *Con-Fío en Galicia* ao caer o sol a través das Nocturnas, visitas nas que aprezoar outros matices da mostra e que concluírán cunha sesión musical acompañada dun petisco con produtos galegos.

Actividades paralelas

Museo Centro Gaiás

Con-Fío en Galicia contará cun programa de actividades paralelas pensado para descubrir o téxtil e a moda desde os máis diversos puntos de vista. Entre outras propostas, o Museo Centro Gaiás acollerá uns obradoiros creativos nos que recoñecidos artistas animarán aos participantes a confeccionar diversas pezas coas que intervir a Cidade da Cultura. O Día dos Museos tamén terá como protagonista a mostra *Con-Fío en Galicia*, con actividades pensadas para gozar en familia que terán a moda e a creatividade como eixes fundamentais. No marco destas actividades paralelas, o Museo Centro Gaiás celebrará tamén unhas xornadas nas que indagar sobre o mundo do téxtil con persoas que protagonizaron algún período destacado na moda galega.



SONIA NAVARRO PERALTA

INTERVENCIÓN ARTÍSTICA

26 de maio ao 21 de agosto
Torres Hejduk

A artista Sonia Navarro Peralta vestirá as Torres Hejduk de maio a agosto cunha intervención ligada aos contidos da mostra Con-Fío en Galicia.

Partindo do tecido e o fío como materiais de traballo, e do cosido como técnica, Sonia Navarro Peralta tecerá unha construción téxtil que bebe das fontes da grande arte e da pequena, da pintura e do deseño, da escultura e do feito esencial de coser.


ROSTROS DO PAÍS

FOTOGRAFÍAS DE XURXO LOBATO

15 Xullo- 18 Setembro
Biblioteca e Arquivo de Galicia

Rostros do País preséntase como un gran retrato colectivo de Galicia elaborado a partir das imaxes captadas pola ollada intuitiva do fotógrafo galego Xurxo Lobato.

En forma de fotografías creativas achegadas ao fotodocumentalismo, veremos persoas que trunfan nas súas respectivas actividades e sectores, pero tamén persoas que, sen destacar especialmente, no seu traballo diario contribúen a que este país funcione: as xentes do común retratadas todas elas nunha radiografía do país nun intre determinado.



CJC 2016. O CENTENARIO DUN NOBEL

Do 11 de novembro de 2016 ao 19 de febreiro de 2017
Museo Centro Gaiás

A Cidade da Cultura celebra o centenario de Camilo José Cela cunha mostra formada por trescentas pezas a través das que percorrer a vida do Nobel, non só facendo fincapé no seu devir literario, senón tamén na importante pegada que deixou na cultura do século XX a través das súas tarefas de académico, xornalista, editor, senador real, coleccionista, etc.

A mostra, que abrirá por primeira vez ao público na Biblioteca Nacional de Madrid o 23 de xuño, está comisariada por Adolfo Sotelo, Decano da Facultade de Filoloxía e Letras da Universidade de Barcelona e un dos maiores expertos na figura e obra de Camilo José Cela, un deseño de montaxe a cargo de Marta Villar Sanjurjo.

EXPOSICIÓN HOMO LUDENS

1 setembro -27 novembro
Torres Hejduk

Miguel Benjumea e Román Corbato converterán as Torres Hejduk nunha nova paisaxe dedicada ao lecer a través de Homo Ludens, unha 'site specific' na que xogan con dous elementos clave: plástico e aire. A través dunha arquitectura efémera baseada en dúas instalacións inchables, Homo Ludens –proposta gañadora do concurso de proxectos realizado entre o participantes do Encontro de Artistas Novos celebrado en 2015- transformará un espazo arquitectónico nun punto de encontro e socialización.

MÚSICA & ESCENA





ESCENAS DO CAMBIO

28 Xaneiro-13 febreiro
Museo Centro Gaiás

A Cidade da Cultura acolleu no inicio do ano a segunda edición de *Escenas do Cambio. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción* no que durante quince días se deron cita 18 compañías de dez países, cunha presenza destacada de novos creadores galegos e unha ollada cara a África e América Latina.

O festival trouxo a Santiago de Compostela novas formas de teatro como 'Europa na Casa' de Rimini Protokoll, que tivo lugar en once fogares composteláns, e colaborou na creación de pezas de compañías galegas como o 'Don Juan' de Voadora ou 'Insulto ao Público' de Borja Fernández e Uxía P. Vaello. Escenas do Cambio contou con nomes do teatro e danza contemporánea que están sendo unha referencia internacional, como os mexicanos Lagartijas tiradas al sol, o bailarín israelí Arkadi Zaides, a brasileira Marcela Levi ou Rocío Molina e Rosario La Tremendita.

ATARDECER NO GAIÁS

7 de xullo-27 de agosto
Praza central

Nos meses de xullo e agosto, a praza exterior do Gaiás converterase novamente nun lugar máximo para acompañar o solpor. "Atardecer no Gaiás", un dos ciclos máis concorridos e exitosos da programación anual da Cidade da Cultura, regresa cun amplo e variado programa de actuacións para gozar da posta de sol coa mellor música da escena actual.

Atardecer no Gaiás manterase fiel á súa idea orixinal de ofrecer ao redor dunha vintena de concertos en pequeno formato todos os xoves, venres e sábados a partir das nove da noite co máis destacado do panorama indie, pop, rock, electrónica...



DÍA INTERNACIONAL DA MÚSICA COA ORQUESTRA DE JAZZ DE GALICIA

18 de xuño | 21:00
Museo Centro Gaiás

A Cidade da Cultura celebrará o sábado 18 de xuño o Día Internacional da Música coa Orquestra de Jazz de Galicia, que presentará o seu primeiro traballo discográfico: Fame.

A Orquestra de Jazz de Galicia, dirixida por Pedro Lamas e Roberto Somoza, reúne dende 2010 a algúns dos máis importantes músicos da escena galega actual no eido do jazz, a música sinfónica e a música tradicional co cometido de explorar o diálogo posible entre a música tradicional de Galicia e a música improvisada contemporánea. Formada por unha treintena de músicos, a Orquestra é un proxecto cargado de traballo e talento, que proxecta a música tradicional galega en influencia con outros estilos, como o jazz, o folk, a música clásica e a contemporánea.

MAGOSTO NO GAIÁS

5 de novembro
Museo Centro Gaiás

Por cuarto ano consecutivo, a Cidade da Cultura celebrará a chegada do outono cun apetecible magosto que voltará a incorporar música en directo para o baile como elemento protagonista a través de ritmos tradicionais, dinámicos e alegres cos que festexar a chegada do frío.

Unha oportunidade única para a aprendizaxe de novos xéneros e estilos de danza e para gozar da música ao vivo dun xeito distendido e lúdico ao tempo que se lle rende unha homenaxe á tradicional castaña galega grazas a unha nova colaboración coa Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia.

EN FAMILIA





FINDES NA BALEA

21 Novembro 2015 - 6 Marzo 2016
Museo Centro Gaiás

O Museo Centro Gaiás convértese todos os sábados e domingos nun lugar cheo de creatividade, diversión e fantasía co programa lúdico-didáctico Fines na balea, que combina un espazo de lecer e obradoiros para os máis pequenos mentres os maiores dispoñen de tempo libre para coñecer a exposición José Suárez. Uns ollos vivos que pensan.

Fines na Balea conta os sábados cunha Ludoteca na que poder gozar da arte dunha forma lúdica; e os domingos con Obradoiros fotográficos nos que achegarse á figura de José Suárez, convertendo as súas imaxes en creacións propias.

NEXOS INFANTIL

16 Xaneiro-28 Maio
Biblioteca e Arquivo de Galicia

Nexos, o ciclo de cultura contemporánea da Cidade da Cultura, dedica unha especial atención aos máis pequenos, aos que introduce nos diferentes aspectos da vida que se inclúen no ciclo a través de actividades lúdicas e didácticas coas que aprender xogando.

Dirixida a nenos de Primaria de entre 5 e 12 anos, para as catro primeiras sesións do ano, Nexos propón a realización dun documental, a construción da casa dos seus soños, a aproximación ás letras de Shakespeare e Cervantes a través do teatro e ser turista por un día.



BAILE DE ENTROIDO

8 Febreiro
Centro de Innovación Cultural

A Cidade da Cultura celebrou o seu Baile de Entroido dándolle a benvinda ao Aninovo Chinés coa tradicional Danza do León e a música en directo da banda de rock A Gramola Gominola. Así, o público sorprendeuse cos movementos da 'Danza do León', baile habitual nos festexos da celebración do novo ano en China; e puido bailar a ritmo da banda para nenos A Gramola Gominola, que realizou un repaso pola Historia da Música Moderna.

CIDADE IMAXINARIA

20 de agosto
Praza exterior

O sábado 20 de agosto, a Cidade da Cultura de Galicia encherase de maxia e cor para celebrar unha nova edición de Cidade Imaxinaria. A praza central do Gaiás volverá converterse nun escenario onde todo é posible, con decenas de espectáculos, xogos e obradoiros para toda a familia.

NADAL NO GAIÁS

Museo Centro Gaiás

O Nadal é tempo de celebración, reunión e diversión, por iso a Cidade da Cultura de Galicia programará para o mes de decembro un conxunto de atractivas actividades para que as familias poidan compartir xuntas un tempo de goce e sorpresas con actividades de calidade que lles permitan aprender divertíndose, potenciar os seus talentos, redescubrir as tradicións e achegarse ás artes dun xeito participativo, lúdico e curioso.

LITERATURA E PENSAMENTO





NEXOS 2016. CICLO DE CULTURA CONTEMPORÁNEA

16 Xan - 28 Mai
Biblioteca e Arquivo de Galicia

Nexos, o ciclo de cultura contemporánea da Cidade da Cultura, celebra no primeiro semestre de 2016 as súas primeiras catro sesións nas que descifrar as claves e tendencias de hoxe combinando relatos con actuacións artísticas.

Ao longo deste semestre analizarase a evolución do cine de inspiración social e a emerxencia actual do xénero documental con Gracia Querejeta; coñecerase de primeira man ás figuras máis relevantes e ás principais correntes da nova arquitectura galega da man das arquitectas Guadalupe Piñeira e Elizabeth Abalo; descubriranse as peripecias biográficas de Shakespeare e Cervantes a través do relato do escritor e xornalista Juan Bonilla; e estudarase como o turismo cultural transforma (para ben e para mal) territorios e formas de vida con Lluís Bonet.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

17 Maio
Biblioteca e Arquivo de Galicia

A Cidade da Cultura celebra o Día das Letras Galegas homenaxeando a figura e a obra de Manuel María. A Biblioteca e Arquivo de Galicia acollerá un recital colectivo a partir da obra do poeta lucense dinamizado con música e proxeccións.

INTER- CAMBIO





A OLLADA DA DIGNIDADE

16 febreiro
Museo Centro Gaiás

A Cidade da Cultura organizou no mes de febreiro unha xornada que abordou a transcendencia do fotógrafo José Suárez na fotografía do século XX. Juan Manuel Bonet, un dos nomes máis sólidos da crítica artística en España, xunto a Xosé Luis Suárez Canal e Manuel Sendón, referencias na investigación da fotografía galega e comisarios da mostra, analizaron a obra de Suárez e revisaron unha biografía na que se atopan moitas claves do seu traballo. Alfonso Penela, representante da arquitectura galega máis contemporánea, explicou nun percorrido pola exposición José Suárez. Uns ollos vivos que pensan unha montaxe que consegue potenciar a expresividade do branco e negro das fotografías.

XORNADAS ACADÉMICAS CON-FÍO EN GALICIA

6, 7, 8 e 9 de xuño
Museo Centro Gaiás

Estudantes, docentes, investigadores, historiadores, deseñadores e profesionais da moda, creadores emerxentes e consolidados, e público interesado en profundar na historia da moda e o tecido, e o desenvolvemento do sector profesional e creativo en Galicia poderán participar na xornada académica vencellada á exposición *Con-Fío en Galicia*, coordinada por Fátima Díez.



VI ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS

29 agosto-1 setembro
Biblioteca e Arquivo de Galicia

A Cidade da Cultura pon en marcha a VI Edición do Encontro de Artistas Novos (EAN), un programa dirixido por Rafael Doctor Roncero co que o Gaiás busca dar a coñecer os traballos de creadores emerxentes e facilitar unha semana de convivencia con outros axentes do sector. O EAN promove o intercambio de experiencias e coñecemento entre artistas novos de Galicia e do resto do mundo, promovendo ademais a creación contemporánea.

Ademáis, tras celebrarse no 2015 en Uruguai o Encontro de Artistas Novos viaxará este ano a Bos Aires no marco do programa da Feira do Libro.


WOMEX

19-23 de outubro
Museo Centro Gaiás

O Womex volve a Santiago de Compostela tras o éxito colleitado na edición de 2014. Recoñecida como a maior feira mundial do sector das músicas do mundo, o WOMEX inclúe unha feira profesional, que terá lugar no Museo Centro Gaiás durante cinco xornadas, e uns 60 concertos (a maioría deles abertos ao público), ademais de relatorios e proxeccións de filmes, entre outras actividades, que se levarán a cabo no casco histórico de Compostela.

AULÁ GAIÁS





VISITAS DIDÁCTICAS ÁS EXPOSICIÓNS

José Suárez. Uns ollos vivos que pensan

13 novembro 2015 – 23 marzo 2016

Museo Centro Gaiás

Con-Fío en Galicia

Do 15 de marzo ao 9 de setembro

Museo Centro Gaiás

CJC 2016. O Centenario dun Nobel

Do 14 de novembro de 2016 ao 17 de febreiro de 2017

Museo Centro Gaiás



VISITAS DIDÁCTICAS AO BOSQUE DE GALICIA

Bosque de Galicia

O monte Gaiás, no que se atopa a Cidade da Cultura, conta coa nova área verde de Santiago de Compostela: o Bosque de Galicia. Un total de 24 hectáreas, con 6.000 árbores autóctonas e sendas peonís coas que gozar da natureza.

A partir de primavera, a Cidade da Cultura convida á comunidade escolar a coñecer este espazo, comprobando as diferentes variedades arbóreas (desde castiñeiros a bidueiros ou frutais), coa posibilidade de realizar un traballo de campo cun álbum de recollida de mostras.

VISITAS ARQUITECTÓNICAS

Todo o ano

A Cidade da Cultura, a través do seu equipo de guías, ofrécelles aos centros escolares a posibilidade de participar en visitas didácticas ao complexo arquitectónico adaptadas aos diferentes niveis educativos. Estas visitas poden ser organizadas como contido único ou ben como unha parte complementaria a algunha das outras actividades didácticas (visitas ás exposicións, Bosque de Galicia, etc).

VISITAR





VISITAS ARQUITECTÓNICAS

Todo o ano

Durante todo o ano dase a posibilidade de coñecer e aprender as claves deste espazo arquitectónico contemporáneo dunhas características singulares que o fan único, deseñado por Peter Eisenman.

CAMIÑO AO GAIÁS

Xullo e agosto

Arte, Historia, Natureza e un estilo de vida saúdnable. Estas son as catro claves de Camiño ao Gaiás 2016, co que a Cidade da Cultura e a Fundación USC Deportiva convidan a todos os composteláns e visitantes a descubrir unha nova cidade.

A ruta a pé partirá do casco histórico de Compostela e atravesará o rico patrimonio artístico e natural de Compostela ata chegar á Cidade da Cultura polas novas sendas peonís do Bosque de Galicia. A actividade finalizará cun percorrido guiado pola exposición *Con-Fío en Galicia* no Museo Centro Gaiás.



VISITAS AO BOSQUE DE GALICIA

A partir da primavera será posible visitar o Bosque de Galicia no Monte Gaiás e descubrir as súas atractivas sendas peonís, dende as que poderemos descubrir unha nova faciana da cidade e outra forma de achegarse á Cidade da Cultura de Galicia. Santiago de Compostela gaña así un novo espazo verde polo que pasear, correr, descansar e desfrutar do tempo de esparcemento.



VISITAS ASTRONÓMICAS

Xullo, agosto e setembro

Este verán, en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller, realizarase unha nova convocatoria das visitas de observación astronómica na Cidade da Cultura, nas que a través de varias sesións a cargo de dous expertos na materia descubriremos o universo na palma das nosas mans grazas ao uso de telescopios de grandes dimensións cos que achegarnos aos misterios do espazo exterior.



COLABORACIONES

Desde o inicio da actividade cultural a colaboración tanto cos artistas coma coas empresas e institucións culturais galegas é unha constante. Por unha banda, coa participación de entidades coma: CGAC, Concello de Santiago de Compostela, AGADIC, Consello da Cultura Galega, USC, Fundación Castelao, Fundación Rosalía Castro, Fundación Camilo José Cela, Fundación Carlos Casares, Academia Galega do Audiovisual, museos e coleccións artísticas coma o Museo de Pontevedra, Belas Artes da Coruña, Fundación Catedral de Santiago, Museo das Peregrinacións, Fundación Eugenio Granell, Colección do Museo de Arte Contemporánea de Gas Natural Fenosa, fondos artísticos de Abanca, Afundación, Museo Provincial de Lugo, Numax, Azala Centro Cultural, Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual, Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, Festival de otoño a primavera da Comunidade de Madrid, Bad Bilbao Festival de Teatro y Danza Contemporánea, Festival das artes escénicas de Vigo, por citar algúns exemplos dunha nómina máis ampla.

Salientar a colaboración con importantes institucións culturais de referencia a nivel español coma: Museo del Prado, Museo Reina Sofía, Bellas Artes de Bilbao, Museo Thyssen de Madrid, Bellas Artes de Murcia, Fundación Patronato de la Alhambra y el Generalife, Museo Carmen Thyssen de Málaga ou Museo Nacional de Artes Decorativas.

A nivel internacional sinalar a colaboración coas seguintes institucións: Fundación Cisneros, Victoria & Albert Museum, Rijksmuseum, Museum of Modern Art de Nova Iorque, Musée d'Orsay, National Museum of Wales, National Galleries of Scotland, Museo de Arte Antiga de Lisboa ou Daros Latinamerican Collection de Suíza, o Instituto Camões, Galeria Uffizi de Florencia, Instituto Goethe, Festival Alcantara etc.





CENTRO DE EMPRENDE- MENTO



CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO

O Centro de Emprendemento (CEM) do Gaiás é un espazo destinado a potenciar a incubación de empresas culturais, creativas e tecnolóxicas, dinámicas, competitivas e innovadoras. Distribuído nun espazo de coworking, un viveiro de empresas e un espazo de crowdworking tecnolóxico da man de Telefónica e a Atemga, o CEM desenvolve a súa labor ó servizo dos emprendedores, para que leven acabo a súa idea de negocio.

Desde a súa posta en marcha en 2012, o CEM ofrece un programa de tutoría e acompañamento na posta en marcha dos modelos de negocio exitosos, identificación de novas oportunidades e maduración de ideas empresariais, asesoría financeira, networking e showrooms. Ao tempo que programa ao longo de todo o ano unha serie de actividades co obxectivo de que cada empresa desenvolva o seu proxecto nunha contorna creativa, co asesoramento de expertos no sector cultural, multiplicando as súas posibilidades de negocio e beneficiándose dun programa especial de formación das súas ideas empresariais.



SPIN 2016

29 setembro-1 de outubro

A Cidade da Cultura será o escenario do SPIN 2016, o evento de emprendemento universitario máis importante do mundo Iberoamericano, no que participarán un centenar de universidades de España, Portugal e América Latina.

Spin 2016 reunirá no Gaiás do 29 de setembro ao 1 outubro a 2.000 persoas procedentes de 20 países diferentes, entre estudantes, investigadores, investidores, empresarios e académicos. Neste evento, co que a Cidade da Cultura e o seu Centro de Emprendemento se situarán como un referente no mapa internacional do emprendemento, un total de 150 proxectos empresariais innovadores e startups recibirán apoio directo. Serán tres días de intensa actividade, destinados á cultura emprendedora, coa participación de 200 empresas, 50 speakers e 12 talleres.

CURSO DE CREACIÓN DE EMPRESAS

A Cidade da Cultura de Galicia porá en marcha unha nova edición do programa formativo Creación e Consolidación de Industrias Culturais e Creativas, destinado a fomentar a posta en marcha e consolidación das industrias culturais.

O curso, totalmente de balde, contará coa participación dun máximo de 25 proxectos relacionados coas industrias culturais. Está dirixido fundamentalmente a empresarios e responsables de pequenas empresas culturais e creativas de diversos sectores como a arte, teatro, música, danza, audiovisual, sector editorial, novas tecnoloxías ou deseño, e a emprendedores que contan cun proxecto cultural definido.



XORNADAS CREA- TI PODES EMPRENDER!

7 de abril, 5 de maio, 9 de xuño

O CEM pon en marcha as Xornadas Crea-Ti podes emprender!, unha cita co emprendemento na que convidados e participantes poderán reflexionar, debater e confrontar ideas ao redor do emprendemento.

Con este formato colaborativo, no que o público é parte implicada, o CEM convidará a figuras destacadas, que poderán compartir cos asistentes os seus inicios, os seus problemas, os seus éxitos... ao tempo que contestan ás súas dúbidas, curiosidades ou queixas.

TITORIZACIÓN DE EMPRESAS

Servizo de titorización e acompañamento dos mais de medio centenar de proxectos do Centro de Emprendemento de Cidade da Cultura para axudar aos emprendedores a:

- Transformar ideas de negocio en proxectos empresariais definidos, planificados e orzamentados.
- Dotar aos emprendedores do coñecemento e as habilidades necesarias para levar a bo fin os seus proxectos.
- Conseguir empresas no sector cultural competitivas, innovadoras, diferenciadas e orientadas ao mercado.



TEDxGALICIA 2016

16 de xullo

Por segundo ano consecutivo, a Cidade da Cultura acollerá o TEDxGalicia, co ánimo de difundir as ideas que merecen ser coñecidas no mundo laboral emprendedor.

O TEDxGalicia xira ao redor dun programa de conferencias locais organizadas de forma independente, que combina o visionado de vídeos con relatorios en vivo para favorecer a conexión e un debate profundo dentro dun grupo limitado de asistentes.

PREMIOS SIXTO SECO

A Cidade da Cultura de Galicia convoca a cuarta edición dos premios Emprende Gaiás-Sixto Seco, concurso de ideas e proxectos innovadores co que dar apoio aos emprendedores e dinamizar as industrias culturais de Galicia.

Os premios Emprende Gaiás-Sixto Seco buscan poñer en marcha ideas ou proxectos innovadores no mundo das industrias culturais artelladas en tres modalidades: aplicacións informáticas ou proxectos culturais en internet; proxectos na área do deseño, creación artística e plástica; e iniciativas na área da xestión cultural.



COLABORACIÓNS CO CENTRO DE EMPREENDEMENTO

Co fin de impulsar os apoios e a formación que reciben os emprendedores, o Centro de Emprendemento do Gaiás ten chegado a acordos de colaboración con:

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Rede Emprendia

Rede de Cooperativas Eusumo

Cámara de Comercio de Santiago

Concello de Santiago (CERSIA)

Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia

AJE- Asociacións de xóvenes empresarios

Instituto Campus Stellae

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA





BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA

A Biblioteca e Arquivo de Galicia, ademais do seu papel central de salvagarda do patrimonio bibliográfico e arquivístico da nosa comunidade, pon en marcha ao longo do ano pequenas exposicións coas que sacar á luz os pequenos tesouros que albergan as súas instalacións.

EXPOSICIÓNS

Lino González Rubido, un debuxante esquecido na prensa Compostelá.

4 decembro 2015 - 24 xaneiro 2016

Emigrantes: terras, xentes, emocións.

2 febreiro - 4 de marzo

A arte da tipografía. Colección ABanca

10 marzo - 30 abril

Mulleres sobranceiras: Olga Gallego Domínguez

7 marzo - 30 abril

O cancionero de Afonso Pérez

1 maio - 3 xullo

Mes de Manuel María

Maio

De cara ao mar

15 outubro 2016 - 15 febreiro 2017

ACTIVIDADES

De forma paralela ás exposicións, a Biblioteca e Arquivo de Galicia realizan ao longo do ano pequenas actividades lúdico-didácticas coas que achegar ese patrimonio aos máis diversos públicos, organizando obradoiros, obras de teatro, concertos, xogos para nenos e visitas guiadas vencelladas ás exposicións ou con motivo dalgunha efeméride especial. Así, para este 2016, a Biblioteca e Arquivo de Galicia celebrará un conxunto de actividades relacionadas con:

Día Mundial da Narración Oral

20 marzo

Día Internacional da Poesía

21 de marzo

Día Mundial do Teatro

27 de marzo

Día Internacional do Libro

23 Abril

Centenario das Irmandades da Fala

21 de Maio

Día Internacional da Comprensión Lectora

26 de Xullo

Día Internacional da Tradución

30 de setembro

Día da Biblioteca

24 de outubro

CO PATROCINIO DO FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:

//ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural
fenosa 

Fundación Barrié

SabadellGallego 

COREN

Campo

GADIS

grupo
NOSA 
TERRA 21

Estrella Galicia 

Astillero
BARRERAS
V I G O

R

MONBUS

FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Programa Acción Cultural 2016



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

cidadedacultura.gal